UNIDADE DIDÁCTICA 4. O PASO DO ANTIGO RÉXIME Á SOCIEDADE LIBERAL (1ª AVALIACIÓN, 4ª QUINCENA)

ÍNDICE

1. DEMOGRAFÍA
1.1. A poboación galega a comezos do s. XIX
1.2. Poboación e emigración nos dous primeiros terzos do s. XIX
2. CONTINUIDADE, CRISE E TRANSFORMACIÓNS NA ECONOMÍA GALEGA (1780-1874)
2.1. A ECONOMÍA GALEGA ENTRE O ANTIGO RÉXIME E A CONSOLIDACIÓN DO ESTADO LIBERAL
2.1.1. A agricultura
2.2.2. Outras actividades rurais
2.2.3. Debilidade do ámbito urbano
2.3. CONSTRUCIÓN DO ESTADO LIBERAL, CREBA DO ANTIGO RÉXIME E CRISE (1833-1874)
2.3.1. O mantemento da estrutura agraria galega
2.3.2. A construción do Estado liberal e a crise da economía tradicional
2.3.3. Crise e liquidación do sector téxtil tradicional
2.3.4. Continuidades e cambios no mundo urbano
2.3.5. Débil recuperación e crise finisecular (1856-1880)
3. A SOCIEDADE GALEGA: DA CONTINUIDADE ÁS TRANSFORMACIÓNS
3.1. A SOCIEDADE ESTAMENTAL E A CRISE DO ANTIGO RÉXIME (1780-1840)
3.1.1. Os grupos sociais
3.1.1.1. O clero
3.1.1.2. Os propietarios dos pazos: a fidalguía
3.1.1.3. O campesiñado: grupo maioritario e heteroxéneo
3.1.1.4. A burguesía: febleza e protagonismo foráneo
3.1.2 O inicio dos cambios
3.2. A SOCIEDADE GALEGA NA CONSOLIDACIÓN DO ESTADO LIBERAL (1840-1868)
4. DA CRISE DO ANTIGO RÉXIME Á CONSOLIDACIÓN DO ESTADO LIBERAL (1780-1874)
4.1. A GUERRA DE LIBERACIÓN CONTRA OS FRANCESES E OS INICIOS DA CRISE DO ABSOLUTISMO
4.1.1. A ocupación francesa e a crise do modelo político (1808)
4.1.2. A construción do novo Estado
4.1.3. A guerra de liberación de Galicia (1809)
4.1.3.1. A participación popular na guerra
4.2. A CONFRONTACIÓN ENTRE DOUS MODELOS POLÍTICOS: ENTRE O ABSOLUTISMO E O LIBERALISMO (1814-1843)
4.2.1. A Restauración do absolutismo (1814-1820)
4.2.1.1. As conspiracións en Galicia. O pronunciamento de Porlier (1815)

4.2.2. O Trienio Liberal (1820-1823)
4.2.3. A década absolutista (1823-1833)
4.2.4. A construción do Estado liberal (1833-1843)
4.2.4.1. O carlismo en Galicia
4.2.4.2. O réxime do Estatuto Real. Proclamación e desenvolvemento en Galicia (1834-1836)
4.2.4.3. Do réxime progresista á Rexencia de Espartero (1837-1843)
4.3. A consolidación do Estado liberal (1844-1868)
4.3.1. A Década Moderada (1844-1854)
4.3.2. O Bienio Progresista (1854-1856)
4.3.3. A Unión Liberal (1858-1864)
4.3.4. O Sexenio Revolucionario e a construción do Estado democrático (1868-1874)
5. AS ORIXES DO GALEGUISMO POLÍTICO
5.1. O PROVINCIALISMO
5.2. O REXURDIMENTO
6. BIBLIOGRAFÍA

A entrada na época contemporánea foi un período convulso da historia de Galicia. Cunha estrutura económica e social fondamente consolidada cos principios do Antigo Réxime a, a invasión francesa afundiu a estrutura política do Estado e permitiu o ascenso do liberalismo en España, concretado no labor lexislativo das Cortes de Cádiz. Mais a construción do Estado liberal será un proceso longo, froito dunha evolución non exenta de dificultades. No noso país, o mantemento da estrutura da propiedade da terra, coa peculiaridade do noso sistema foral, unido á debilidade dos grupos sociais portadores das ideas liberais, fará que esta entrada na contemporaneidade presente as súas dificultades e as súas singularidades.

1. DEMOGRAFÍA

1.1. A poboación galega a comezos do s. XIX

A mediados do s. XVIII a poboación galega presentaba unhas pautas que a achegarán aos modelos demográficos máis evolucionados: descenso lento e significativo das taxas de natalidade e de mortalidade, elevada esperanza de vida, considerable redución da mortalidade catastrófica e, como consecuencia de todo isto, un elevado crecemento demográfico. Mais esta tendencia vai mudar a partir do 1750, cun estancamento da poboación resultado dos desequilibrios existentes entre a poboación e uns recursos, que xa non son suficientes para manter unha poboación en ascenso. Cun descenso da produción agraria, un período de malas colleitas a causa das condicións climatolóxicos e un aumento da actividade bélica a finais de século, non sorprende que na segunda metade do s. XIX a poboación galega só medre en 100.000 habitantes, chegando aos 1,4 millóns de habitantes aproximadamente.

1.2. Poboación e emigración nos dous primeiros terzos do s. XIX

Carecemos dunhas fontes fiables que nos permitan un estudo sistemático e rigoroso da demografía galega neste período. Dende o Censo de Floridablanca (1787), para toda a primeira metade do s. XIX só se consideran fiables os que se realizan en 1822 e 1833 e que serven coma base da nova división administrativa do Estado. Malia estas eivas, neste período podemos distinguir dúas etapas ben diferenciadas:

1) ***Entre 1787 e 1822*** asistimos a unha fase de grandes flutuacións demográficas con dous ciclos contrapostos, un até o 1804, onde a poboación medra lixeiramente, fronte a un segundo até 1822, cando a poboación cae máis dun 9%. As causas desta flutuación atopámolas nos efectos da Guerra da Independencia, nos inicios da guerras de liberación en América e nas curtas e repetidas crises de subsistencia.

2) ***Entre 1822 e 1877*** a poboación de Galicia e a do Estado español experimentan un notable crecemento, que no seu conxunto se sitúa no 45,8 e no 42,6%, respectivamente. Observamos tamén, unha clara diferenciación en dúas etapas: unha primeira, que se estende até o 1857, onde Galicia acada crecementos superiores ao 1,1% anual fronte ao 0,9% español, e unha segunda, até o 1877, onde o incremento redúcese ao 0,4% en Galicia fronte ao 0,6% estatal.

As causas do meirande incremento galego son, fundamentalmente, tres: a menor incidencia das epidemias de cólera no noso país, a escasa integración no mercado das economías campesiñas, que se viron menos afectadas polas baixas dos prezos entre 1817-1856, e a plena difusión do cultivo da pataca, que permitiu unha intensificación dos cultivos e a consolidación do policultivo de subsistencia no agro

galego. Mais nesta época iníciase a tendencia que continúa até a actualidade da perda de peso relativo da poboación galega no conxunto do Estado, que se agudiza a partir de 1857, resultado do fracaso do desenvolvemento capitalista na nosa terra.

A cuantificación da **emigración** no período anterior a 1882, ano en que aparecen as estatísticas oficiais, presentan graves atrancos. Na primeira etapa destacan os movementos de carácter temporeiro a Castela e a Andalucía relacionados coa sega e a vendima, ademais dunha emigración cara a Portugal e a América Latina, moito máis duradeira, cando non definitiva.

POBOACIÓN DE GALICIA E DO ESTADO ESPAÑOL ENTRE O 1787 E 1900

Ano	Cenco	Galicia	E. Español	% Gal./Esp.
1787	Censo de Floridablanca	1.345.803	10.409.879	12,9
1797	Censo de Godoy	1.345.633	10.541.200	10,8
1826	Censo de Policia	1.585.419	14.154341	11,2
1860	Censo	1.799.224	15.655.467	11,5
1877	Censo	1.848.027	16.631.869	11,1
1887	Censo	1.894.559	17.560.352	10,8
1900	Censo	1.950.515	18.607.674	10,5

A emigración á península pódese cuantificar nuns 30.000 galegos que saían cada ano gañar o xornal a Castela. No caso de Portugal, sabemos que a finais de século habería uns 80.000 galegos asentados nas súas principais cidades. Polo que respecta a emigración ultramarina, aínda que a súa cuantificación resulta imposible, atendendo ao cálculo da relación da masculinidade a partir dos datos dos censos, pódese extraer dúas conclusións: en todo este período a emigración afectou en maior medida a Galicia que ao resto do Estado; e que o fluxo migratorio aumentou considerablemente no período entre 1860-1877.

2. CONTINUIDADE, CRISE E TRANSFORMACIÓNS NA ECONOMÍA GALEGA (1780-1874)

A creba do Antigo Réxime non vai supor unha ruptura drástica para a economía galega. Este longo proceso político e social que supuxo a consolidación do Estado liberal, vai ter, dende o punto de vista económico, a agricultura como a principal actividade económica do noso país, mentres que as cidades, protagonistas da revolución industrial que se está a vivir noutros puntos do continente van sufrir unha dinámica onde predominen as continuidades sobre ás transformacións vinculadas ao proceso industrial.

Fracaso, estancamento ou simplemente fortaleza da economía tradicional son algúns dos xeitos cos que a historiografía se refire á transición da economía galega dende o Antigo Réxime ao capitalismo. No fondo reflíctese o peso que o rural vai conservar no noso país, como se observa na demografía, ao inaugurar o s. XX cun 88-90% de poboación rural. A economía galega amosa unha forte dependencia da terra, como pon en evidencia as grandes repercusións en todos os sectores das periódicas crises agrarias (1835-37, 1847, 1852-54), cunha serie de crebas da industria galega neses períodos ou co seu efecto sobre a emigración, resultado do imposible equilibrio poboación-recursos.

A fortaleza que amosa a economía tradicional nestes dous primeiros terzos do s. XIX non presupón que a realidade económicas permaneza inmutable. Ao contrario, as modificacións legais introducidas polo Estado liberal, provocarán a desarticulación do sector agrario tradicional, así como a perda de control por parte do campesiñado dunha serie de actividades complementarias á agraria, o que unido ao escaso

desenvolvemento industrial provocará o importante fluxo migratorio. Mais a mesma lexislación liberal fomentará a aparición dunha agricultura orientada ao mercado, tecnoloxicamente máis desenvolvida, ao mesmo tempo que, segundo palabras de Carmona, se produce "a nosa pequena revolución industrial", cunha industria orientada ao sector mariño no sur de Galicia e uns servizos financeiros xurdidos na Coruña.

2.1. A ECONOMÍA GALEGA ENTRE O ANTIGO RÉXIME E A CONSOLIDACIÓN DO ESTADO LIBERAL

Cara a fins do s. XVIII, a economía de Galicia atopábase no seu óptimo expansivo. Tiña un carácter preindustrial e unha natureza tradicional, cun predominio das actividades rurais (fundamentalmente agricultura) fronte ás urbanas. Dominaba o autoconsumo, cunha escasa orientación comercial das súas actividades produtivas.

2.1.1. A agricultura

"Falar de agricultura é falar do medio de vida habitual da maior parte da poboación". Unha actividade agrícola que a fins do s. XVIII tiña unha orientación cara ao autoconsumo, con moi poucos excedentes que se puidesen derivar ao mercado.

A agricultura galega estaba moi condicionada polo **sistema foral**, que regulaba en case a súa totalidade a propiedade das terras de cultivo. Este sistema disociaba a propiedade entre dominio eminente, que xeralmente pertencía á Igrexa e a alta aristocracia española absentista, e un dominio útil atribuído aos seus cultivadores directos, os campesiños. O que dotaba a Galicia dunha singularidade no conxunto do Estado era que, entre ambas as dúas posicións, figuraban uns señores intermediarios, os fidalgos, intermediarios no proceso de cesión útil da terra coma na detracción da renda agraria.

Na práctica, os foros derivaron nun verdadeiro contrato enfitéutico de carácter perpetuo, quedando consagrados legalmente pola "*Provisión de 1763*" de Carlos III, que viña resolver unha reclamación dos propietarios do dominio directo da terra (xerarquía eclesiástica e alta aristocracia) que querían recuperar o dominio útil dos terreos de cultivo aforados para podelos arrendar. Coa resolución do monarca, o campesiñado conservaba o domino útil da terra cun carácter de "temporalidade perpetua" segundo a expresión de Ramón Villares. Isto era positivo para campesiños, posto que os dotaba dunha estabilidade xurídica que permitía introducir melloras nas explotacións agrícolas. Mais beneficiou especialmente aos fidalgos, quen consolidaron a súa situación de rendeiros intermediarios, que doutro xeito desaparecerían coa fin dos foros.



Extensión do cultivo da pataca no s. XIX

Por outra banda, a constante división da terra acabou por definir unhas parcelas de tamaño reducido e dispersas, aptas para o policultivo, mais con moitas dificultades para unha especialización agrícola. Con todo, nesta época produciuse unha intensificación dos cultivos, grazas ao cultivo de millo nas zonas costeiras e introdución da pataca, a un incremento da superficie cultivada e do traballo empregado, á supresión do barbeito nas áreas máis densamente poboadas e á difusión de rotacións máis intensivas, que permitiron manter poboación de fins do s. XVIII sen introducir innovacións tecnolóxicas e sen alterar o marco institucional do sistema de tenza de terras.

O sistema foral estableceu un sistema de reparto riqueza que impediu, na práctica, a introdución da agricultura capitalista en Galicia. Por unha banda, o campesiñado non dispuña de capacidade de capitalización: os seus ingresos eran empregados para pagar a renda foral e outros gravames (o décimo), que se satisfacían en especie, mentres que o resto, insuficientes, estaban destinados ao autoconsumo. Polo tanto, non existía a posibilidade de produciren para o mercado (posiblemente os adicados a gandería terían máis posibilidades, mais sen excesivo lucro). Por outra banda, os fidalgos, rendeiros, obtiñan unha cantidade limitada, xa que a renda fixa obstaculizaba unha maior acumulación (dependían dos prezos de mercado, só en épocas alcistas obtiñan maiores beneficios). Como a renda ía ser a mesma, non se esforzaban por fomentar melloras no campo.

As terras non aptas para o cultivo xestionábanse en réxime de mancomún. Pastos e montes eran complementarios e fundamentais para a agricultura, xa que aportaban comida para o gando, fertilizante para a terra, material para a construción, etc., polo que as mobilizacións do campesiñado na súa defensa, fronte aos intentos privatizadores, van ser unha constante ao longo do século. Boa proba do éxito campesiño é que en moitas zonas rurais persistan até a actualidade.

2.2.2. Outras actividades rurais

Como indicamos no apartado anterior, a agricultura por si soa era incapaz de satisfacer as necesidades básicas do campesiñado. Para conseguilo, desenvolveron outro tipo de actividades orientadas ao mercado que non eran incompatibles coa agricultura de subsistencia. Entre as actividades podemos mencionar a viticultura en determinadas áreas, a emigración para traballos agrícolas estacionais en Portugal, Castela e Andalucía (segas, vendimas, determinados oficios), a arrieiría, o traballo co ferro ou os curtidos, etc.

Estaba xeneralizada a **industria doméstica de lenzos**. Perfectamente inserida na estacionalidade do traballo agrícola, non necesitaba unha excesiva especialización, o que permitía aos campesiños un control sobre a actividade, incluída a distribución do produto, que escapaba ao control mercantil. A produción era comercializada no mercado rexional, mais fundamentalmente no extrarrexional, a través de arrieiros, de campesiños que emigraban estacionalmente para a sega, etc., a través dunha rede informal de intercambios. O resto do produto era introducido no mercado por tratantes de lenzos (feiras, aldeas) e comerciantes urbanos. Deste xeito, serían os propios campesiños quen dirixirían o proceso.



Instrumental para traballar o liño

No último terzo s. XVIII ampliáronse os mercados extrarrexionais, grazas ao mercado americano, o que supuxo un crecemento da demanda e da oferta, cun notable aumento do número de teares. Esta exportación a América dende A Coruña viuse complementada coa entrada no mercado peninsular despois da prohibición de mercar lenzos estranxeiros. Para facer fronte a este incremento de produción incorporouse materias primas procedentes do Báltico.

Outras actividades importantes foron a pesca ou a salgadura, base do aporte de proteínas da dieta campesiña. En réxime de autoconsumo, nesta época danse os primeiros pasos para a comercialización nas Rías Baixas, coa exportación a Portugal e a chegada de industriais cataláns.

2.2.3. Debilidade do ámbito urbano

As cidades aparecían coma as residencias de rendeiros, funcionarios da administración central e local e a sé de mitras e dos principais mosteiros e conventos. As actividades secundarias e terciarias eran moi escasas, case sempre derivadas da actuación puntual da Administración. Por exemplo, o desenvolvemento da actividade mercantil que se produce a partir de 1764 coa habilitación do porto da Coruña para o comercio privilexiado con América (ao que se unirán posteriormente Vigo e Carril), ou a importancia da creación da Real Fábrica de Tabacos na cidade herculina. O establecemento de "Correos marítimos" coas colonias americanas con sede na Coruña foron utilizados para a exportación de manufacturas téxtiles e en menor medida alimentarias (peixe salgado), reducindo os costos dos intercambios con América.

Real Fábrica de Tabacos da Coruña

A única actividade terciaria salientable que se desenvolveu sen o impulso da Administración é a importación de liño (Santiago, Carril, Padrón, Ribadeo, Viveiro), que abasteceron as industrias domésticas de tecido e fiado.

2.3. CONSTRUCIÓN DO ESTADO LIBERAL, CREBA DO ANTIGO RÉXIME E CRISE (1833-1874)

Unha fonda depresión económica, iniciada en 1820, vai marcar a vida das/os galegos até mediados da década dos 50. Un fenómeno non exclusivamente galego ou español, senón europeo, mais que vai afectar gravemente á nosa terra:

a) Caída rápida e prolongada dos prezos dos cereais básicos e, en xeral, dos produtos. Haberá que agardar a 1750 para que Galicia recupere os niveis anteriores. Un descenso que prexudica a todas as clases sociais: os rendeiros, que percibían a maior parte de rendas en especie, viron reducidos os seus ingresos (o que puido incidir no seu comportamento antiliberal); ou o campesiñado, que tiña que facer fronte aos impostos.

b) Crises de subsistencia. O difícil equilibrio entre recursos e poboación crébase nestes períodos. Son épocas de fame e peste (1833-34, 1852-54), véndose obrigados os concellos e a Igrexa a crear Xuntas de Beneficiencia, para soster afectados.

c) Crise comercial. Estas crises afectaron ás cidades e ao sector burgués, que tiñan no campesiñado o seu principal mercado, realizándose a maior parte das vendas por fiado. Ninguén pode pagar as rendas, quedándolle á burguesía o único recurso do embargo, que non solucionaba nada. Por outra banda, a burguesía atopábase sen recursos, porque destinaran diñeiro á compra de bens desamortizados, o que vai provocar a creba de moitas firmas. Deste xeito, os burgueses continuarán a investir en terras, ao entendelo coma o ben que lles aportaba unha maior seguridade, polo que van atándose á terra e converténdose en rendeiros.

2.3.1. O mantemento da estrutura agraria galega

Malia a importante lexislación desamortizadora liberal, apenas se modificou o marco xurídico da propiedade da terra. As grandes casas nobiliares mantiveron intacto o seu dominio directo. As poxas de bens desamortizados apenas produciron transferencias aos campesiños da propiedade privada, plena e individual. A reforma agraria liberal foi un inmenso traspaso de rendas (foros e censos), mais non da propiedade plena, do clero a sectores laicos, manténdose inmutable a vixencia de contratos de longo prazo sobre a terra, a miúdo endurecidos. Nos montes, froito da grande resistencia campesiña (fronte ao que ocorreu no resto do Estado) perviviu a propiedade en mancomún malia as medidas desamortizadoras da Lei Madoz, que estipulaba o traspaso da titularidade destas propiedades aos municipios.

2.3.2. A construción do Estado liberal e a crise da economía tradicional

A acción do Estado tivo unha enorme influencia na crise da economía tradicional. Por unha banda, a consolidación do Estado liberal, coa súa nova fiscalidade, obrigou a orientar cara ao mercado aos produtos agrarios: a reforma tributaria liberal (1845) provocou aumento da fiscalidade sobre os campesiños (a substitución do décimo pola contribución territorial, que supuxo un aumento entre un 9-25%) e a esixencia de pagamento en numerario. Os campesiños víronse obrigados a dotarse de liquidez no mercado en troques dunha parte da produción.

2.3.3. Crise e liquidación do sector téxtil tradicional

A principios de século, a emancipación das colonias supuxo a perda do principal mercado exterior do téxtil galego. Por outra banda, a invasión francesa desestabilizou as rotas tradicionais á península.

A crise definitiva deste sector foi consecuencia da chegada do algodón, de maior calidade e mellores propiedades térmicas có liño. Introduciuse primeiro a xeito de contrabando británico e francés, aumentado coa baixada aranceis de 1841 e, finalmente, nos anos 60, coa entrada do algodón catalán, que desprazou a todos os seus competidores polos seus baixos prezos.

No que se refire á industria salgadeira, foi afectada polas medidas desreguladoras a partir do Sexenio Revolucionario (desestanco do sal), sendo necesario agardar até o primeiro terzo do s. XX para constatar a aparición da industria conserveira de peixe.

Outras das actividades complementarias dos campesiños tamén entraron en crise, coma a de curtidos, que baixou polas innovacións que permitiron achegar a produción ás vilas, ou a das ferrarías, debido ao esgotamento do carbón vexetal. Con esta evolución, a única saída para a poboación campesiña era a emigración.

2.3.4. Continuidades e cambios no mundo urbano

Nas cidades as continuidades predominaron sobre os cambios. Asistimos a un proceso de fidalguización dos comerciantes, que, ante a perda de mercados, se refuxian na compra de foros, rendas e bens desamortizados.

Unha pequena parte dos comerciantes vai reorientar as súas actividades a Cuba, centradas na cana de azucre e monopolio do comercio de escravos. A existencia de tráfico clandestino a partir da prohibición da trata humana (1820), vailles supor uns grandes beneficios que serán dirixidos ao sector bancario. Nacen, así, os primeiros comerciantes-banqueiros, destacando os establecidos na cidade da Coruña.

2.3.5. Débil recuperación e crise finisecular (1856-1880)

A partir 1853 iníciase unha masiva emigración a América, que alivia, en certa maneira, o campo, e serve para fundar un negocio moi lucrativo: os fretes, os consignatarios, os intermediarios, quen recrutan emigrantes até situalos en América. Deste xeito, a emigración foi un dos maiores motores da reactivación económica da época, constituíndose empresas que se encargan de todo o proceso: o recrutamento nas parroquias, a sinatura da hipoteca para costear pagamento a quen non podía pagalo, un contrato para traballar en América nos traballos ofrecidos pola empresa, e dar o servizo completo de transporte.



FIG. 1.5. *Número de esclavos negros introducidos en Cuba, 1821-1852.*

FUENTE: Public Record Office y Parliamentary Papers. Elaboración propia (Alonso Álvarez, 1994).

Tamén xogaron un papel na reactivación económica o inicio da construción do ferrocarril, a reparación de estradas ou a construción de novas, ou o comezo da obras dos ensanches de Vigo e A Coruña, que van provocar a aparición de empresas da construción.

A fin de século virá marcada por unha crise producida nun contexto da formación do mercado mundial de produtos agrarios. A caída dos prezos primarios que afecta a Europa a partir 1870 pola competencia produtos ultramarinos, non repercutirá en Galicia até datas posteriores.

INDUSTRIA FABRIL
(Participación galega dentro do total do Estado por sector, agás o País Vasco)

	1856	1990	1973
Alimentares	6,75	4,43	7,08
Conserva	47,96	49,76	31,10
Téxtil	0,99	0,73	0,68
Metalúrxica	5,23	7,63	1,78
Química	2,58	2,56	2,75
Papel	2,06	3,59	3,08
Cerámica, vidro e cal	4,22	2,99	0,85
Madeira e cortiza	8,43	2,50	5,02
Coiro	27,18	11,22	5,50
Total	5,61	3,05	4,77

(Fonte: J. Nadal e Industrias derivadas da Pesca).

Durante todo este período, a terra vai continuar a ser o factor principal da economía galega, porque os outros sectores económicos van estar bloqueados por diferentes factores (perda mercados comerciais, carencia reforma agraria, carencia mercado rexional, descapitalización burguesía galego pola compra bens desamortizados, control do mercado téxtil pola produción catalá ou o contrabando inglés/francés). Ademais, a ausencia dunha mentalidade investidora por parte da fidalguía, ou a carencia dunha mentalidade capitalista das casas bancarias do país, que non invisten, van frear a revolución industrial. Tampouco o Estado serviu como elemento reactivador da economía: o ferrocarril, expoñente do desenvolvemento, só contaba no 1873 con 43 km construídos no noso país. Cuns estaleiros de Ferrol a medio funcionamento no s. XIX, só a Fábrica de Tabacos da Coruña amosaba a acción do Estado liberal sobre a industria en Galicia.

3. A SOCIEDADE GALEGA: DA CONTINUIDADE ÁS TRANSFORMACIÓNS

Evolución é o termo máis acaído para referirse ao conxunto de transformacións sociais que puxeron fin ao Antigo Réxime en Galicia. A revolución liberal presentouse paseniñamente na nosa terra, nun proceso onde os factores de permanencia tiveron máis peso que os factores de cambio, onde a continuidade predominou sobre as transformacións. A persistencia do sistema foral motivou que en grande parte deste período se mantivese a clara diferenciación entre dous grupos sociais: quen percibían as rendas (os rendeiros) e quen tiñan que pagalas.

3.1. A SOCIEDADE ESTAMENTAL E A CRISE DO ANTIGO RÉXIME (1780-1840)

A sociedade galega amosa unha grande estabilidade e solidez nas décadas finais do s. XVIII, no tránsito da época moderna á contemporánea. A ausencia de sucesos convulsivos de tipo bélico, demográfico ou institucional caracterizara o devir da Idade Moderna en Galicia, o que configurou unha sociedade marcada polas continuidades, onde a actividade agraria era a principal actividade económica e o sistema foral vertebraba a estrutura social.

3.1.1. Os grupos sociais

3.1.1.1. O clero

Cando entramos na Idade Contemporánea a Igrexa galega contaba cun inmenso poder económico, o que unido ao seu poder político e ideolóxico, outorgáballe unha preeminencia dentro da sociedade galega, predominando o estamento eclesiástico fronte aos señores laicos entre o bloque dos privilexiados. Bispos, cabidos das cinco catedrais galegas, un amplo abano de conventos e mosteiros, e a rede de párrocos, integraban un estamento privilexiado que presentaba considerables diferenzas internas (orixe social, riqueza, poder). O seu poder e preeminencia social baseábase en tres factores:

1) Os ingresos derivados da percepción de rendas do importante patrimonio territorial integrado por terras cedidas maioritariamente en réxime foral, gando, vivendas e diversas instalacións produtivas (muíños, ferrerías, pesquerías, etc.).

2) O conxunto de exaccións fiscais que gravaban, con distinta porcentaxe, a produción agropecuaria ou pesqueira (décimos, primicias, oblatas ou o Voto de Santiago). Todos estes tributos beneficiaban ao clero secular, mais os mosteiros e conventos participaban do seu cobro.

3) Os beneficios das funcións pastorais ou da súa condición de señores xurisdicionais, que eran de moita menor cuantía.

En total, calcúlase que o conxunto de detraccións beneficiou ao clero nunha porcentaxe próxima á metade do excedente agrario producido en Galicia.

A Igrexa vai ser a grande afectada pola construción do Estado liberal. En primeiro lugar, supón a perda do seu poder político, mais tamén afecta ao seu patrimonio, ao eliminárense as execcións fiscais ou a súa capacidade impositiva (supresión do Voto de Santiago, primeiro en 1812 e definitivamente en 1834; redución dos décimos e primicias a partir do Trienio Liberal e supresión en 1841), ou a supresión das ordes monásticas. Mais fundamentalmente, vai converterse na grande prexudicada do proceso de desamortización, que a privará do seu extenso patrimonio territorial. Motivado pola débeda pública e a busca de apoios sociais ao réxime liberal,

a desamortización dos bens eclesiásticos privará á Igrexa das súas rendas, que non desaparecerán, senón que só mudarán de mans.

3.1.1.2. Os propietarios dos pazos: a fidalguía

A alta nobreza laica vivía fóra de Galicia. Unha alta nobreza española, posto que as principais casas nobres galegas estaban integradas na Casa de Alba dende o s. XVIII. O seu peso era moito menor cá xerarquía eclesiástica, obtendo os seus ingresos da percepción de rendas forais e, en menor medida, da participación no cobro do décimo ou das súas exaccións en concepto de señorío xurisdicional.

O grupo social que xunto á Igrexa xogara un papel fundamental durante o período moderno e que o vai manter neste s. XIX, é a fidalguía. O seu protagonismo social proviña da súa posición intermedia no reparto do excedente agrario a través do cobro das rendas. Respondía á necesidade da Igrexa por asegurar e estabilizar o seu patrimonio territorial e o afastamento e absentismo da alta nobreza laica. A fidalguía medrou a medida que foron conseguindo rendas forais sobre terreos de dominio eclesiástico, especialmente de mosteiros, a cambio de contribuír á defensa e consolidación deste patrimonio. Tiveron unha condición rendeira, dado que a terra obtida dos eclesiásticos a xeito de foro, era cedida para o seu traballo por medio de fórmulas similares, reproducindo o modelo de comportamento do clero e da nobreza ao desligarse do proceso produtivo e ligar a súa sorte á percepción de rendas forais. A fidalguía tamén empregou outros xeitos para aumentar o seu patrimonio, aínda que en menor media, aproveitando o endebedamento campesiño ou mesmo apropiándose dos bens comúns.

A fidalguía saberá adaptarse á nova orde liberal e conseguirá reforzar a súa posición social, ao ser un dos grandes beneficiarios do desprazamento dos cobros de rendas forais, perdidas pola Igrexa froito do proceso desamortizador.

3.1.1.3. O campesiñado: grupo maioritario e heteroxéneo

O campesiñado era un grupo que presentaba unha notable heteroxeneidade, integraba a persoas que se atopaban no límite da subsistencia até labregos que podían sortear as crises agrarias. A diversidade de condicións económicas derivaba do seu diferente grao de control sobre os recursos produtivos:

1) A posición a respecto da terra. A maioría dos labregos eran foreiros ou subforeiros, aínda que tamén existían propietarios ou arrendatarios.

2) Grao de acceso ás terras comunais. Quen tiñan un maior acceso eran os que posuían unha posición máis acomodada, porque as terras en ben común eran fundamentais para complementar a actividade agrícola.

3) A posibilidade de exercer outras actividades non estritamente agropecuarias (téxtil, coiro, comercio, etc.).

As comunidades de montes persisten na actualidade

Malia os estereotipos que ás veces se nos presentan, non debemos considerar ao campesiñado coma un grupo apático e incapaz de opor resistencia aos privilexiados. Baixo unha calma aparente, o tránsito ao mundo contemporáneo estivo acompañado dunha intensa conflitividade que, sen cuestionar o sistema do Antigo Réxime, buscaba a defensa dun nivel mínimo de subsistencia. Neste sentido, destaca especialmente a “Polémica dos Despoxos”, que os enfrontou contra os propietarios dos dominio directo das terras de cultivo, os principais mosteiros beneditinos, que querían facer efectivo o carácter temporal dos foros,despoxar aos foreiros e iniciar un novo contrato de arrendamento. Como xa indicamos anteriormente, impuxéronse os intereses de campesiñado e da fidalguía e o

sistema foral perviviu. Tamén destaca a loita por evitar perder os montes en man común, fundamentais para a supervivencia das explotacións agrícolas, ou a loita contra a extensión do décimo á pataca que, iniciada en 1760, durará máis de 40 anos, retomándose en 1812; ou a oposición contra a reforma fiscal de 1785, que pretendía gravar transaccións comerciais que se realizan nas feiras, fundamentais para a subsistencia campesiña.

3.1.1.4. A burguesía: febleza e protagonismo foráneo

A partir da segunda metade do s. XVIII asistimos a un importante movemento de inmigración de burguesía foránea que vai compartir coa burguesía galega o exercicio das actividades industriais e mercantís. Destacan os cataláns que, chegados na busca de sardiña, se establecerán por toda a zona marítima galega, perfeccionando os métodos de captura do peixe, para posteriormente embarcarse na industria de salgado de peixe, que derivará na industria conserveira no s. XX. Por outra banda están os maragatos, que actúan no comercio entre Galicia e Castela coma arrieiros e unha vez que as rotas comerciais fiquen desartelladas pola guerra da Independencia, rematarán por se asentar nas cidades galegas. Por último, cómpre salientar a presenza de vascos que se adican ao comercio naval de grande tonelaxe (na Coruña) ou nas ferrarías ou curtido de peles.

Xunto a esta burguesía foránea atoparemos tamén a estranxeiros (franceses, ingleses, portugueses, alemáns) ocupados no comercio ultramarino.

Pola súa banda, a burguesía galega presentaba unha considerable febleza debido á súa escasa mentalidade empresarial. Os grupos privilexiados optaron por destinar o capital procedentes das rendas agrarias a gastos suntuarios ou noutras actividades non produtivas. A fidalguía tampouco apostou polo investimento, xa que o sistema foral permitíalle manter o seu cómodo nivel de rendas.

As escasas posibilidades de desenvolvemento da burguesía galega esvaecéronse coas consecuencias da emancipación das colonias americanas, que a deixou sen o seu principal mercado exterior, ou polos efectos da invasión francesa, coa desestabilización do comercio peninsular, co que optaron, ao igual cá fidalguía, por destinar os seus beneficios á adquisición de rendas forais.

3.1.2 O inicio dos cambios

A invasión francesa provocou unha creba das institucións políticas españolas que permitiu o inicio dos cambios do sistema do Antigo Réxime. As medidas tomadas polas Cortes gaditanas, coma o Decreto de abolición señoríos (1811), serviu de catalizador para a resistencia campesiña, que aumentou as súas resistencias ao cobro das rendas por parte dos señores. O retorno do absolutismo con Fernando VII non puido frear o afondamento da deslixitimación das rendas señoriais, tendo os señores que esforzarse para evitar a ocultación do pagamento das rendas por parte do campesiñado.

Tanto o reinado de Fernando VII como a rexencia de Mª Cristina, foron un período difícil para os señores pola resistencia campesiña ao pagamento das rendas forais. Porén, o sistema foral sobreviviu e foi revitalizado pola revolución liberal. A excepcionalidade na nova orde xurídica liberal para Galicia, que non suprimiu o sistema foral senón que modificou unicamente os perceptores das rendas, permitiu conter a marea de impagos e reproducir a estrutura social galega sobre as mesmas bases.

A Lei de abolición dos señoríos (1837) estableceu un conxunto de reservas legais que permitu a conservación do patrimonio aos grandes señores. A posibilidade de redención dos censos enfitéuticos excluía novamente ás rendas forais. A lexislación abolicionista convertía aos señores galegos en propietarios de rendas forais, non de

terras libres. Por outra banda, as casas señoriais foron substituíndo as obrigacións de connotación vasalática por relacións contractuais, polo que mantiveron os seus beneficios.

Nin a supresión dos morgados nin a abolición do décimo afectaron en gran medida aos señores laicos. A nova orde liberal permitiu a reconversión dos seus dominios forais en propiedade privada, preservando o seu patrimonio, o que permitiu integrar aos señores laicos nun réxime de liberalismo censatario que facía do propietario a pedra angular da sociedade e o suxeito de dereitos políticos.

A pervivencia do foro permitiu que estrutura social galega non se vise substancialmente alterada no tránsito á sociedade burguesa. A condición de perceptor ou pagador de rendas continuou a ser o principal elemento de xerarquización social. Rendeiros e campesiños continuaban a ser os principais actores a mediados do s. XIX, porque burguesía e proletariado apenas tiveron protagonismo.

3.2. A SOCIEDADE GALEGA NA CONSOLIDACIÓN DO ESTADO LIBERAL (1840-1868)

A construción do Estado liberal provocou transformacións nunha sociedade rural galega fortemente asentada, mais que non podía ficar inmutable ante as iniciativas lexislativas postas en marcha polos diferentes gobernos liberais. Unhas modificacións que non virían exentas dunha certa conflitividade social, e entre as que destacan as seguintes:

1) A creación dun novo sistema tributario (1845). Coa reforma Mon-Santillán créase a “Contribución de Inmobles, Cultivos e Gandería”, que vai resultar moi gravosa para a maioría dos campesiños. Do pagamento en especie pasouse a contribuír en metálico. Por outra banda, o sistema de cobro, baseado en establecemento de cotas por concellos, fará que o reparto da carga fiscal fique en mans da decisión do goberno municipal, integrado polos maiores contribuíntes, quen non dubidaron en pasala aos outros pagadores, o campesiñado, que terán menos posibilidades de evasión. Con este novo sistema, sairán prexudicados os campesiños cunha agricultura pouco mercantilizada e co predominio de pequenas explotacións escasamente excedentarias.

Mais esta reforma tributaria obrigará a reorientar á agricultura galega cara ao mercado, na busca de conseguir o diñeiro suficiente para o pagamento da contribución.

2) A privatización dos bens comunais (Lei de desamortización civil de 1855 ou Lei Madoz). O liberalismo consideraba a propiedade privada coma único motor do progreso, polo que tivo coma obxectivo facer desaparecer toda a propiedade colectiva. En Galicia destacaban os montes en man común, que eran unha propiedade “consorciada” dos membros dunha aldea ou dunha parroquia. A lexislación liberal tentou converter aos concellos nos propietarios dos bens, para logo proceder á súa desamortización, coa Lei Madoz. Estes esforzos privatizadores foron infrutuosos na nosa terra, onde o campesiñado fixo todo tipo de presións e reclamacións para evitar o alleamento dos bens, único xeito de garantir a viabilidade das súas explotacións. A fidalguía, pola súa banda, apoiou estas protestas, xa que vía no mantemento do mancomún o único xeito de seguir percibindo as súas rendas. Mais o resto de actividades campesiñas non agrarias, complementarias á explotación agrícola (téxtil de liño, ferrarías tradicionais), víronse moi prexudicadas polas reformas legais liberais, o que conduciu á emigración a un grande número de poboación campesiña, única saída posible para a súa supervivencia.

3) A implantación do exército liberal, coa regulación das quintas a partir de 1856, creou un fondo resentimento na poboación polo seu carácter inxusto e discriminatorio, xa que se fixaron alternativas legais para a conmutación da prestación

militar, mais que só podían aproveitar quen dispuñan de rendas suficientes. A resistencia ao ingreso en filas foi outra das causas que impulsaron ao campesiñado á emigración e mesmo ás automutilacións.

O Sexenio democrático (1868-1874) vai supor un punto de inflexión: é un período onde os conflitos van adquirir unha maior intensidade, onde a contestación ao servizo militar adquira mesmo resistencia institucional, e cando o descontento e a resistencia antifiscal capitalice as promesas do republicanismo e, ao mesmo tempo, explique os motíns que se van producir durante a I República, ao seren incapaces os seus gobernos de cumprir as súas promesas ante a situación de bancarrota e ao teren que facer fronte a variados conflitos bélicos.

A República abordará dun xeito decidido o problema da propiedade territorial en Galicia, a través da Lei de redención foral (1873), que posibilita a eliminación da renda foral cunha indemnización ao antigo perceptor. Cuns resultados inmediatos, mais de curta vida, xa que un decreto do ano seguinte suspendería a redención de foros, este proceso redencionista xa vai ser imparable: conscientes da imposibilidade de manter o sistema, os fidalgos terán que buscar novas fontes de ingresos, xa a través actividades profesionais, xa do exército, xa na administración do Estado. Estamos no paso dunha sociedade de rendeiros a outra de campesiños propietarios. Este declive da fidalguía e a afirmación do campesiño propietario consolidarase nas primeiras décadas do s. XX.

4. DA CRISE DO ANTIGO RÉXIME Á CONSOLIDACIÓN DO ESTADO LIBERAL (1780-1874)

4.1. A GUERRA DE LIBERACIÓN CONTRA OS FRANCESES E OS INICIOS DA CRISE DO ABSOLUTISMO

O Estado Moderno asentaba a súa fortaleza na suma de dous poderes, o poder absoluto dos monarcas e o poder teocrático da Igrexa. Unha alianza de Trono e Altar que se consolidou grazas a que compartían o mesmo modelo de sociedade, conforme á unidade divina e, polo tanto, inmutable, e a un reparto de funcións perfectamente delimitado. Deste xeito, a Igrexa española apoiou aos monarcas absolutos realizando as funcións que o Estado lle encomendou: velando polo control social, mantendo a unidade de fe coma base da unidade política, homoxeneizando as condutas e evitando toda disidencia teolóxica ou disciplinar.

A fins do s. XVIII os ventos revolucionarios e os ecos das transformacións políticas chegaron á nosa terra dende Francia e da nacente democracia norteamericana. Obsérvase na documentación da Inquisición en Galicia, onde se alerta ás autoridades e se incautan libros e textos. Tamén se investiga e denuncia a persoas ilustradas. Os bispos galegos escriben pastorais contra a extensión das novas ideas. Mais en Galicia, a difusión destas ideas só responden a disidencias singularizadas incapaces de producir unha contestación xeneralizada. X. R. Barreiro insiste en que cómpre relativizar a importancia dos ilustrados galegos no futuro proceso de transformacións políticas, pois se ben realizaron esforzos por estender a ciencia ou establecer escolas e sociedades, a práctica totalidade asumiu na súa integridade o modelo político do Estado absoluto no que estaban comodamente instalados, supeditando a razón humana á razón divina, ao tempo que reafirmaban o poder absoluto do monarca.

4.1.1. A ocupación francesa e a crise do modelo político (1808)

Abondou con que Fernando VII entrase en Francia e protagonizase os pactos de cesión da monarquía para crebar o Estado.

O Estado estaba representado en Galicia polo Capitán Xeneral e pola Real Audiencia, así como os Concellos das setes cidades con representación na Xunta do Reino (Santiago, Lugo, Ourense, Tui, Mondoñedo, A Coruña e Betanzos), que constituían o segundo plano de poder político porque eran os responsables da execución das leis a través das xurisdicións da histórica división de Galicia en 7 provincias. A estes uníanse outros tres poderes fácticos: o arcebispo de Santiago, os outros 4 bispos cos cabidos e os gobernadores militares das tres prazas fortes de Galicia: A Coruña, Ferrol e Vigo.

Nun primeiro momento, as autoridades pretenderon acatar ao novo rei, Xosé Bonaparte, mais a resistencia popular impúxose e estas mesmas autoridades pasaron a liderar o movemento de liberación nacional e o proceso político de construción do novo Estado.

4.1.2. A construción do novo Estado

A desaparición das institucións do Estado produciu a espontánea organización dunha serie de **Xuntas**, locais, provinciais e rexionais, que asumiron todo o poder político en Galicia e no resto de España.

A historiografía tradicional subliñou o seu carácter popular e revolucionario. Mais cómpre facer algunhas matizacións:

1) A constitución das Xuntas reflicte o poder social preexistente, ao seren integradas por fidalgos, cregos, empregados públicos, e moi secundariamente, campesiños fortes (mais estes só nas xuntas locais).

2) A súa acción devén revolucionaria, mais exerceron o poder en nome do Rei e na súa ausencia. Isto vai ser aproveitado polos liberais nas Cortes de Cádiz para proclamar o principio da soberanía popular.

O Capitán Xeneral de Galicia comprendeu a necesidade dun órgano centralizado do poder para loitar contra os franceses e constituiu a **Xunta Superior do Reino de Galicia** (1808), vella institución onde estaban representados os delegados das 7 cidades. Esta Xunta asumiu todo o poder e mantívose até xaneiro, cando os franceses invadiron Galicia, dispersándose e desaparecendo. Ao constituírse a Xunta Central en Cádiz, esta propuxo que se formase unha Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa en Galicia (1809), que substituíse á anterior.

Por outra banda, Galicia enviou representación ás Cortes gaditanas. Se en 1810 os deputados foron elixidos pola súa significación social ou mesmo por azar, en 1813, en plena disputa ideolóxica entre liberais e absolutistas, o clero logrou a maior parte dos escanos.

4.1.3. A guerra de liberación de Galicia (1809)

A guerra de liberación foi protagonizada polo pobo, organizado en guerrillas e partidas que non deron repouso ao exército francés, illándoo do resto da península ao cortar a comunicación coa Meseta. A invasión e a ocupación francesa de Galicia foi rápida, sen apenas resistencia,

Ponte Sampaio, onde se librou unha das batallas máis importantes da Guerra

mais a táctica de resistencia, en pequenos ataques moi esparexidos, impediu ao exército francés facerlle fronte. En marzo de 1809 liberouse Vigo, en abril Tui, e así as outras vilas galegas até que o 7 de xuño, as forzas populares apoiadas por militares venceron aos franceses en Ponte Sampaio. Neste momento, os franceses decidiron abandonar Galicia.

4.1.3.1. A participación popular na guerra

Malia os seus intereses contrapostos e a fonda pluralidade ideolóxica, todos os grupos sociais participaron na Guerra de Independencia. Un nexo común uníaos: o odio contra o francés e aos franceses, que rapidamente se espallou, especialmente dende os púlpitos.

Para o clero e a fidalguía a expulsión dos franceses era necesaria para conservar a súa posición socioeconómica. Coa marcha dos franceses, entendían que Fernando VII tería que volver reinar segundo os principios do Antigo Réxime. A burguesía, pola súa banda, vía na saída dos franceses a posibilidade de construír un novo réxime, baseado nunhas leis económicas que acabasen cos privilexios, unha reforma da propiedade da terra e unha participación política a través das Cortes. Por último, o posicionamento do campesiñado é máis difícil de explicar: sen defender os ideais absolutistas ou liberais, posiblemente levantouse contra os franceses para defender o que era de seu: a súa terra ocupada e a subsistencia ante unha economía espoliada.

4.2. A CONFRONTACIÓN ENTRE DOUS MODELOS POLÍTICOS: ENTRE O ABSOLUTISMO E O LIBERALISMO (1814-1843)

4.2.1. A Restauración do absolutismo (1814-1820)

A obra política das Cortes carecía de suficientes apoios sociais. Os liberais esqueceron que non se podía facer unha revolución política sen unha revolución social previa. A aristocracia, o clero e os altos empregados da administración absolutista conservaran as súas propiedades e privilexios, mantendo intacto o seu poder, sendo eles quen bloquearon a obra das Cortes.

A recuperación do poder absoluto por parte de Fernando VII significou a depuración e a persecución dos liberais que máis destacaran na etapa precedente. En Galicia afectou á Universidade de Santiago e á administración, sendo perseguidos pola Inquisición os liberais máis destacados e premiados con ascensos os absolutistas máis senlleiros.



Execución de Porlier na Coruña

4.2.1.1. As conspiracións en Galicia. O pronunciamento de Porlier (1815)

O recurso a unha sublevación encabezada por un militar como método para lograr un cambio político será moi usual na España contemporánea. Coñecido coma **pronunciamento**, o protagonizado por Porlier será un dos seus primeiros exemplos. Este destacado militar na guerra de Independencia fora confinado na Coruña por conspiración. O súa conspiración logrou apoio nas guarnicións da Coruña e Ferrol, mais na súa marcha a Santiago, foi traizoado en Ordes, sendo executado.

O pronunciamento de Porlier non foi a única das conspiracións desenvolvidas na noso país neste período, aínda que tiveron menos repercusión, como a promovida en 1817 en Santiago.

4.2.2. O Trienio Liberal (1820-1823)

O papel que xoga a conspiración promovida por militares e civís na Coruña e Ferrol en 1820 foi decisiva para que triunfase o pronunciamento de Riego en Andalucía. O triunfo deste pronunciamento trouxo o liberalismo de novo ao Estado.

Para evitar os mesmos erros que permitiran a volta do absolutismo, os liberais dispuxéronse a monopolizar o poder político sen dar opción algunha aos absolutistas. Impúxose a actitude vingativa, ao non permitiren a elección de deputados absolutistas nin a existencia de xornais absolutistas. Depuraron a todo o persoal das administracións civil e militar sospeitosos de connivencia. En definitiva, cortaron todas as posibilidades de se manifestar aos absolutistas, que foron impulsados á guerra civil, que se inicia nese mesmo 1820.

Este proceso foi xestionado polas "Sociedades Patrióticas", integradas polos liberais máis radicais, que estiveron encargadas de vixiar e controlar a xestión e conduta das novas autoridades locais. Ademais, creouse unha milicia nacional para perseguir os brotes contrarrevolucionarios.

Recuperada a Constitución de 1812 e toda a lexislación liberal das Cortes gaditanas, as medidas que máis repercusión tiveron en Galicia foron as seguintes:

1) Nova división administrativa de España. Aplicouse mimeticamente o modelo francés, eliminando todo elemento que non favorecese o puro e duro centralismo estatal. Xurdiu unha **división provincial** sen tradición algunha en Galicia. A elección das catro sedes provinciais non estivo exenta de problemas e respondeu a cuestións arbitrarias: A Coruña e Vigo (que perderá esta condición coa posterior reforma de 1833), polo peso dos liberais e polo apoio ao pronunciamento, mentres que Ourense e Lugo non tiñan alternativa.

2) Medidas drásticas para facer fronte a unha facenda en creba. Algunhas delas contaron con apoio popular, coma supresión do Voto de Santiago, a supresión da Inquisición e a nacionalización dos seus bens, ou a redución do pago do décimo á metade, ou a eliminación e o suavizamento doutros dereitos; mais outras careceron de respaldo, como a supresión das ordes relixiosas, que en nada beneficiaba ao campesiñado, que tiña que continuar a pagar as rendas dos foros ao Estado.

3) A división administrativa e xudicial feita con obxectivos de oportunismo políticí deixou na rúa a miles de empregados do Antigo Réxime, especialmente nas xurisdicións. Xunto ao clero serán os maiores inimigos do liberalismo, estando presentes na contrarrevolución que se inicia en 1820.

A resistencia ao réxime liberal iníciase nas cidades, promovida polos bispos e os cabidos. Conscientes de que non podían defender ideas absolutistas dende a prensa e dende os púlpitos, recorreron á violencia xeneralizada. Sen seren unha grave ameaza para o Estado, conseguiron manter Galicia nun estado de excepción permanente e obrigaron ao exército a dispersarse en unidades reducidas, o que debilitou a súa acción contra o exército francés que viña restaurar o poder absoluto do monarca.

Coa vitoria dos franceses apoiados pola quinta columna dos realistas, iniciouse o exilio de liberais cara a Europa (Inglaterra, Francia, Holanda e outros países).

4.2.3. A década absolutista (1823-1833)

Estes dez últimos anos do reinado fernandino veñen marcados por un aumento da **represión**. Con este obxectivo, o monarca reformou o corpo de policía,

encargándolle a seguridade pública. A policía creou unha rede de informadores en toda Galicia, que cobraban polos seus informes e delacións. Ao non se fiar do exército, protagonista das conspiracións, o rei creou un corpo paramilitar, o dos *voluntarios realistas*, financiados polos concellos e que debían garantir a seguridade pública nas zonas rurais.

A represión foi xeneralizada contra as autoridades liberais (deputados, gobernadores e cargos da administración), sobre os militares (onde principais oficiais fuxiron ao exilio); os centros de estudo (con expulsión de profesores e mesmo o peche de todas as universidades en España entre 1829 e 1832); ou a nula liberdade de prensa (cunha censura previa para todas as publicacións, tarefa asumida polas dioceses, substituíndo á Inquisición, que non foi restaurada).

Os liberais que quedaron en Galicia tiñan moi pouca forza para poder promover algunha conspiración cuns mínimos visos de éxito, mentres que os que partiran no exilio tentaron coordinar as distintas faccións contrarias ao réxime absolutista e manter informados aos grupos liberais galegos.

Os últimos anos do reinado estiveron marcados pola presión que os grupos absolutistas máis radicais exerceron sobre o monarca, que era consciente de que eran tan perigosos para a estabilidade do réxime coma os liberais. Estes grupos, que apoiarán os dereitos de Carlos, o irmán do rei, coma futuro monarca, atoparán nos principais autoridades establecidas en Galicia un forte apoio.

Placa conmemorativa da creación da Policía (Comisaría de Santiago)

En resumo, o reinado de Fernando VII amosa coma o Estado absoluto estaba firmemente asentado en Galicia, apoiado polo clero, pola fidalguía (que temía que unha revolución liberal acabase cos seus privilexios) e pola administración do Estado e a local. Os grupos políticos que apoiaban as ideas liberais, especialmente a burguesía, tiñan unha escasa implantación en Galicia. Cando se constrúa o Estado liberal farase afastado de toda reivindicación revolucionaria, respectando os intereses da aristocracia. Só o clero, pola súa vinculación ao carlismo e pola súa oposición frontal ao Estado liberal, sairá prexudicado do proceso. O resto da poboación continuará baixo o sistema foral, sufrindo o novo sistema impositivo liberal, mais beneficiándose coa supresión do décimo. Mantivo en todo este proceso unha absoluta neutralidade, sen apoiar o carlismo, o que motivou o seu fracaso en Galicia, nin o liberalismo radical nos seus pronunciamentos.

4.2.4. A construción do estado liberal (1833-1843)

O Estado liberal rematará por afianzarse nesta década. Tralas tentativas iniciadas en 1808 e no Trienio Liberal, a revolución liberal imporase definitivamente en España. Establecerase un réxime baseado nunha monarquía constitucional e no que se vai camiñar para modificar as bases económicas, sobre todo a substitución da estrutura da propiedade, como consecuencia da política desamortizadora. Mais os proxectos reformadores, apoiados por unha burguesía feble, atoparán unha forte resistencia nos grupos sociais privilexiados do Antigo Réxime o que, unido á cuestión sucesoria, desembocará nunha guerra civil, a Guerra Carlista (1833-1839). A debilidade do poder civil dotará ao exército dun papel determinante na vida política da España liberal, liderando os diferentes movementos “revolucionarios”, ao entenderse

ao exército como medio de defensa imprescindible da monarquía constitucional fronte á oposición carlista.

4.2.4.1. O carlismo en Galicia

As bases sociais do carlismo en Galicia foron o clero e algúns sectores da fidalguía. Ambos os dous vían na lexislación liberal un ataque contra as bases do seu sostemento e status socioeconómico. Porén, a alta nobreza mantívose á expectativa, rematando por apoiar o novo réxime liberal ao conseguir transformar as súas propiedades a partir de criterios liberais, obtendo unha cómoda posición patrimonial. Polo que respecta ao campesiñado, todo apunta a que non foi un grande apoio para o carlismo, mantendo un posicionamento apático.

A guerra carlista en Galicia

O arcebispo de Santiago Vélez, un dos principais valedores do carlismo en Galicia

A Rexencia pretendeu avivar sentimento popular a favor da causa isabelina, ao tempo que depuraba aos altos cargos civís e militares que apoiaban o carlismo. Pola súa banda, entre os carlistas houbo unha diversidade de estratexias: había quen defendían un enfrontamento xeneralizado (coma o coronel Pouso que o tentou dende Lugo, mais fracasando), ou quen apostaron por unha guerra de partidas e guerrillas, sendo finalmente a opción máis seguida. Grupos guerrilleiros carlistas proliferaron pola xeografía galega con desigual fortuna, dirixidos por fidalgos e cregos. Cuns importantes medios, a falta de apoio popular será o que os leve á derrota.

Despois da sinatura Convenio de Vergara (agosto de 1839) que puxo fin á 1ª Guerra Carlista, déronse en Galicia os primeiros pasos para acadar a paz, mais foi un proceso difícil a causa do atomismo organizativo e da anarquía interna do movemento carlista. Algunhas das partidas resistíronse a abandonar a loita armada, mais cunha acción residual. Cando en 1847 o carlismo volva ás armas, en Galicia só rexurdirá nos seus núcleos fundamentais: Lugo e Santiago. Sometidos, só unha partida carlista operará na fronteira portuguesa e outra na Fonsagrada.

Fronte aos carlistas, as institucións (gobernadores civís, Capitán Xeneral e Deputacións Provinciais), promoveron unha militarización xeneralizada, ao mesmo tempo que crearon a figura dos “celadores de parroquia”, para controlar conduta persoas sospeitosas de carlismo. A creación da “Xunta de Armamento e Defensa de Galicia “ (1835) tentou canalizar recursos para financiar a guerra e facilitar o alistamento, función que asumirán as Deputacións e que desempeñarán con grande dificultade.

4.2.4.2. O réxime do Estatuto Real. Proclamación e desenvolvemento en Galicia (1834-1836)

A institucionalización irreversible do liberalismo por medio da monarquía constitucional, que se vai manter case todo o s. XIX, acadase entre 1834 e 1837: a Coroa renuncia a manter a exclusividade do poder a favor da aristocracia e da burguesía, quen aceptan que a monarquía controle os resortes do sistema e xogue un papel decisivo no proceso político (como designar ministros ou disolver as Cortes).

O Estatuto Real de 1834 é unha carta outorgada, cun marcado carácter moderado: non define quen é o depositario da soberanía, establece dúas cámaras sen capacidade lexislativa, cuns representantes elixidos por sufraxio censatario.

En Galicia vanse producir actos de proclamación do Estatuto nas cidades, sendo os representantes da fidalguía propietaria e rendeira, defensora da orde e da propiedade, quen triunfen nas eleccións, nas que teñen dereito a participar menos do 0,5% da poboación.

A ruptura definitiva co Antigo Réxime vaise producir en 1837 cun pronunciamento progresista encabezado por un militar, Mendizábal. Estoura unha insurrección urbana interclasista, aproveitando a crise económica e os efectos da guerra carlista. En Galicia, as autoridades civís e militares e a burguesía apoiarán o pronunciamento na Coruña e promoverán a un **movemento xuntista**, que será habitual nos diferentes pronunciamentos. Así, constitúese unha "Xunta Auxiliar Consultiva", á que se unen Santiago, Ferrol e Lugo. Co ascenso ao poder de Mendizábal, suprimirase esta Xunta, sendo substituída por unha "Xunta de Armamento e Defensa de Galicia". Renovaranse os mandos militares e altos cargos da administración.

4.2.4.3. Do réxime progresista á Rexencia de Espartero (1837-1843)

Afastado o perigo dunha restauración absolutista, nestes anos vivirase un forte enfrontamento entre os dous sectores maioriitarios do liberalismo: os partidos moderado e progresista. O partido moderado terá coma obxectivo o control do Congreso e do Senado, mentres o progresista buscará unha lei electoral máis ampla, con concellos elixibles, dotados de autonomía e coa existencia de corpos de Milicia para a súa protección, algo necesario para levar a cabo as reformas pendentes.

O éxito do movemento progresista compróbase na elaboración dunha nova Constitución, a de 1837, que supón unha vía intermedia entre a Constitución de Cádiz e o Estatuto Real. Malia que nela se afirman principios progresistas, coma a soberanía nacional, a liberdade de imprenta, a autonomía dos municipios, o establecemento da milicia nacional ou na escasa claridade na declaración de confesionalidade estatal, tamén defende posturas moderadas, ao fixar unha estrutura bicameral ou ao dotar á Coroa do papel de árbitro na vida política, outorgándolle a capacidade de convocar e disolver as Cámaras, o que vai resultar un medio de bloqueo moi efectivo. Por outra banda, os progresistas tamén lograrán a aprobación dunha serie de leis vinculadas ás Cortes de Cádiz e ao Trienio Liberal, complementarias á lei xeral de desamortización de 1837.

A Lei electoral de 1837 é censataria por motivos económicos. Pásase dunha participación do 0,15% da poboación co Estatuto Real a un 4,32% en 1844. A representación era directa e organizábase por provincias, aínda que en 1845 volverase aos distritos. As porcentaxes de representación en Galicia eran superiores á media española, mais oscilou o seu número como consecuencia da instrumentalización política da lei.

Os líderes das distintas tendencias liberais (progresistas, moderados, e republicanos) terán un peso fundamental na actividade política de Galicia durante varias décadas. As eleccións de 1837 e 1840 deron a maioría aos moderados, que recuperarán situacións do pasado, promovendo a devolución de propiedades ao clero e restrinxindo o corpo electoral.

O enfrontamento entre os dous rexentes, Espartero (progresista) e María Cristina (moderada), motivará a sucesión de gabinetes breves, até que unha insurrección en 1840 poña fin a esta etapa. Galicia vive a insurrección nos cuarteis, nos clubs progresistas e entre a xuventude universitaria. En xullo organízase en Santiago unha Xunta Progresista, e en setembro pronúnciase o exército en Vigo e en Ferrol, e estendéndose á Coruña e a Santiago. Constitúese outra Xunta na Coruña, reorganizándose as distintas xuntas nunha Xunta Suprema Central de Galicia, recaendo a dirección do país na Xunta da Coruña.

Co exilio de María Cristina, Espartero acumulará na súa persoas as funcións da Coroa (1840-1843). En Galicia, a adhesión a Espartero prodúcese no exército e entre os sectores progresistas de Vigo, Pontevedra e Lugo. Vaise proceder á supresión das xuntas locais, consecuencia do centralismo esparterista.

Entre 1841 e 1843 a Rexencia atopou un marco de inestabilidade, con fortes diverxencias no ámbito militar e político. Para facer fronte aos movementos insurreccionais constitúense en Galicia as Xuntas de Vixilancia e Defensa. O deterioro progresivo da situación xunto a accións gobernamentais impopulares (redución do exército, desatención das milicias populares, supresión de sociedades culturais e patrióticas) leva á división do progresismo galego en dous bloques: os esparteristas e os antiesparteristas.

Un novo pronunciamento vaise producirse na fin da Rexencia, iniciándose na Coruña e espallándose a Lugo, Vigo e Ourense. A proclamación habitual de Xuntas, que se uniron para constituír un poder central en Galicia, a "Xunta Central ou Asemblea de Galicia", tiñan coma obxectivos salvar ao país e á raíña Sabela. Reclama a soberanía mentres non haxa goberno central e asume todo o poder político, económico e militar. Mais non terá moita repercusión polos enfrontamentos entre as diferentes xuntas provinciais, sendo derrotado finalmente pola presión das tropas.

4.3. A consolidación do Estado liberal (1844-1868)

4.3.1. A Década Moderada (1844-1854)

Co mantemento do moderantismo no poder, nesta década impúlsase a construción do Estado liberal segundo os principios do liberalismo doutrinario. Dótase ao Estado liberal dunha estabilidade, mais o seu funcionamento derivou na creación dunha oligarquía e na posta en práctica de actuacións políticas afastadas dos mecanismos legais e institucionais, coa xeneralización de redes persoais e clientelares, corruptelas, etc. O propio descrédito do réxime acabará por dividir á corrente liberal moderada, escindídose a súa á esquerda (a futura Unión Liberal).

Como é característico do período liberal decimonónico, cada cambio de réxime viña acompañado da elaboración dunha nova constitución, do signo dos gobernantes, que excluía na práctica a posibilidade de alternancia política. Deste xeito, a Constitución de 1845 é de claro carácter moderado, cun Estado de corte elitista, un sufraxio restrinxido favorecedor da nobreza, da fortuna e das dignidades eclesiásticas. O Rei volve ser fonte de soberanía, tendo capacidade lexislativa. Non existe separación de poderes (executivo, lexislativo e xudicial), configurando España coma un Estado centralizado e xerarquizado.

A esta Constitución uniríanse outras medidas de corte moderado, coma a supresión da milicia nacional e a creación da Garda Civil, a limitación da liberdade de prensa ou establecemento dunha nova Lei de concellos.

No se refire ao proceso electoral, o distrito volve ser a unidade electoral, fronte á provincia, o que beneficia os caciques. Un sistema censatario, no que o número de electores e de posibles candidatos redúcese coma consecuencia dunha maior esixencia económica. A mecánica electoral vai permitir o control gobernamental e dará pé a manipulacións do voto. O xefe político, o Gobernador Civil, era o encargado de confeccionar as listas electorais e dar a coñecer os resultados ao Goberno, mentres que os alcaldes, tamén de nomeamento gobernamental, dirixían o proceso electoral; igualmente o control das xuntas de distrito facilitaba o falseamento dos resultados. Esta nova lei electoral propiciou o enfeudamento dos distintos distritos de Galicia, por grandes familias do moderantismo, que perdurará alén deste período, axudadas por unha clientela electoral, base do seu poder político.

En Galicia desenvolveuse unha política represiva contra progresistas. O goberno de Narváez reforzou o seu control sobre o exército, ao mesmo tempo que colocaba persoas de confianza coma gobernadores civís. Por outra banda, promoveu unha política de permisividade co clero carlista galego, o que permitiu a volta do exilio do arcebispo Vélez. Non existiu unha uniformidade absoluta entre os moderados, sendo a desamortización unha cuestión que os dividiu en dous bandos, entre quen apoiaban o proceso e quen defendían a devolución das propiedades á Igrexa.

4.3.2. O Bienio Progresista (1854-1856)

Este curto período progresista caracterizouse por unha grande inestabilidade froito do enfrontamento entre as dúas principais figuras: Espartero, líder dos progresistas, e O'Donnell, cabeza da Unión Liberal, ligada ás elites conservadoras.

O éxito da revolución que os levou ao poder seguiu o esquema doutras etapas: primeiro unha sublevación militar, liderada neste caso por O'Donnell. Posteriormente a creación en Galicia de Xuntas, que asumen o poder, como fai na Coruña unha Xunta de Salvación, que se estende polas outras cidades galegas. Mais este levantamento vai contar tamén cun protagonismo popular, con movementos de protesta de artesáns e das clases populares nas grandes cidades por motivacións políticas ou estritamente sociais.

En 1854 existían moi graves problemas económicos que era preciso resolver. Foron os progresistas no poder quen sentaron as bases da gran reforma económica: a lei de ferrocarrís, a lei de banca e a lei de desamortización eclesiástica (Lei Madoz). En Galicia existía un clima de grande descontento social, produto da forte crise económica (crises agrícolas, peche casas comerciais, paralización das poucas industrias existentes), producíndose situacións de escaseza e fame en Santiago e comarca. Este descontento vai ser aproveitada polo carlismo para intentar outro pronunciamento.

A corta duración do réxime progresista impedirá pór en marcha unha nova Constitución que abandona os principios doutrinarios, e que comunmente recibe o nome de Constitución non nata de 1856.

4.3.3. A Unión Liberal (1858-1864)

Nesta etapa, dominada pola Unión Liberal, dirixida por O'Donnell, búscase un termo medio entre o inmobilismo e a revolución. A Unión Liberal, dende unha posición liberal conservadora, acomoda a unhas bases sociais amplas e heteroxéneas, constituídas pola oligarquía isabelina e o sector máis acomodado da clase media (os grupos liberais do partido moderado e amplos sectores do partido progresista).

Cunha relativa estabilidade dos gobernos, seguindo a mecánica electoral da Década Moderada, que lles outorga sempre unha cómoda maioría nas eleccións, neste momento viviremos unha etapa de desenvolvemento económico que se estenderá até a grande crise europea (1865-66), que afecta ao ferrocarril e á industria siderometalúrxica, ao tempo que se continúa co proceso desamortizador.

En Galicia prodúcese unha renovación da representación política, en parte promovida dende Madrid, que buscaba uns novos representantes máis manipulables. Os deputados vanse dividir en tres grupos: os *novos*, os *reselados* e os *enfeudados*. Os novos son máis da metade, o que é mostra do cambio. Os *reselados,* pola súa banda, son antigos progresistas atraídos ao proxecto unionista. Os *enfeudados* constitúen un grupo moi importante cunha longa experiencia da etapa moderada. Todos vanse integrar sen dificultade na Unión Liberal, sen renunciar ao moderantismo.

4.3.4. O Sexenio Revolucionario e a construción do Estado democrático (1868-1874)

As divisións políticas dentro da Unión Liberal unida á forte crise financeira e económica que se produce a partir de 1866, levará ao goberno a reaccionar cunha política represiva contra calquera manifestación na súa contra. Malia o control absoluto das eleccións, os diferentes gobernos foran incapaces de acabar co progresismo. Esta situación contribúe á formación dun amplo abano de forzas (conservadores unionistas, progresistas, demócratas e republicanos) que se conxuran para derrocar a Sabela II.

Percíbese un desexo de cambio. Existen moitos problemas sen resolver: a nova ofensiva carlista, a insurrección urbana periférica (cantonalismo); a acentuación do descontento ante as novas estrutura da propiedade; a expectativa da modernización ou o replanteamento da ordenación constitucional na busca dunha maior extensión dos dereitos do home.

A conspiración galega apoiouse exclusivamente nos progresistas e republicanos, que aínda compartindo a necesidade do derrocamento da monarquía, desconfiaban uns dos outros. En setembro de 1868 a Mariña de Ferrol sublévase sumándose ao chamamento que o almirante Topete fixera dende Cádiz. Un novo movemento xuntista xorde para garantir o tránsito ao novo réxime político, que lonxe de reivindicacións maximalistas, manifestaba o seu respecto aos dereitos lexítimos e á orde. Isto explícase porque xuntas galegas estaban integradas maioritariamente polos representantes políticos dos partidos máis moderados, chegándose en Santiago a intentar constituír unha xunta integrada por carlistas. A constitución dun goberno provisional de Madrid, dirixido polo xeneral Serrano, suporá a disolución das xuntas en Galicia.

As medidas do goberno provisional frustran as esperanzas dunha revolución que solucionase de raíz os problemas existentes. A aposta de Prim de promover un cambio de dinastía monárquica, mais non de estrutura política no Estado, foi entendida polo republicanismo coma unha traizón política e por iso decidiron acabar con el. Os republicanos galegos van aproveitar este descontento para exercer unha maior presión no tempo de preparación da Constitución, chegando a aliarse cos carlistas, ao tempo que alentan unha serie de revoltas campesiñas que piden a supresión das quintas, do imposto de capitación e doutras contribucións.

A monarquía de Amadeo foi un período de grande inestabilidade, coa sucesión de numerosos gobernos, lastrada dende o primeiro momento pola morte do grande valedor do novo rei, o xeneral Prim.

Malia o seu activismo, os republicanos non contaban cunha grande base social en Galicia. Por outra banda, o republicanismo federal estaba fraccionado entre os que optaban pola vía democrática para acceder ao poder e quen apostaban por un levantamento civil e militar. Esta última liña obsérvase na insurrección de Ourense, coa participación de arredor de 300 republicanos, ou, sobre todo, na sublevación armada no Ferrol en 1872, onde constitúen unha Xunta Revolucionaria, proclamando a República, que vai ser disolta polo exército. Este fracaso, unido á condena pública de Pi i Margall, principal representante do republicanismo estatal, motivou a ruptura do federalismo galego co Directorio de Madrid, constituíndose un partido republicano-federal galego, que se dota dunha dirección tipicamente cantonal (supraprovincial) que manterá a súa independencia, sen colaborar co Directorio Central até a proclamación da I República.

A Guerra carlista non permitiu cumprir promesas de transformación social: houbo que manter o recrutamento e cargas fiscais. A frustración das expectativas levou a numerosos enfrontamentos entre o campesiñado e Garda Civil, coa participación mesmo de órganos institucionais, como o alcalde de Santiago nunha manifestación contra as quintas.

O ambiente de radicalización permitiu o triunfo do republicanismo federal en Galicia nas eleccións de maio de 1873. En xuño proclamouse a República Federal, mais os sectores máis radicais do republicanismo galego continuaron fomentando a revolta para conseguir obxectivos maximalistas (centrados na eliminación do cobro de impostos). Os sectores burgueses pretenderon consolidar a República, apoiando un autonomismo non enfrontado cos seus intereses económicos. Mais a fins de 1873 a situación volveuse insostible, con dúas guerras abertas, a carlista e a de Cuba, que lles impedía cumprir coas súas promesas en materia fiscal e militar, producíndose outro brote de protesta campesiña en Viana do Bolo e Ordes, opostos ao recrutamento promovido polo goberno de Castelar. Só era cuestión de tempo a caída do réxime republicano.

5. AS ORIXES DO GALEGUISMO POLÍTICO

5.1. O provincialismo

A mediados da década dos 40 aparecen na historia política galega un grupo de persoas que se coñecen como a Xeración do 46. Formados na Universidade de Santiago, traballaron en primeiro lugar por transformar a institución universitaria, para posteriormente apostar por unha modificación das estruturas políticas e sociais do noso país. Chamáronse provincialistas porque defenderon a unidade de Galicia non recoñecida pola división administrativa en provincias, é dicir, reclamaron a recuperación dunha única provincia, a recuperación do antigo Reino, mais sen utilizar este nome porque moitos deles xa militaban nesta época no republicanismo.

Entre os seus obxectivos ideolóxicos e políticos destacan a toma de conciencia da galeguidade, entendendo Galicia coma un pobo que mantivo a súa unidade ao longo da historia. Por outra banda denuncian o atraso e a prostración do noso país debido a unha política centralista nefasta que reparte os beneficios segundo outros criterios políticos ou económicos. Por último, apelan á unidade dos galegos para unha acción política a través do movemento provincialista.

Antolín Faraldo

O Levantamento provincialista de 1846 desenvólvese nas capitais galegas: A Coruña, Vigo, Lugo, Ourense e Santiago. Colaboraron sectores do moderantismo opostos a Narváez e unha xeración de intelectuais encabezados por Faraldo. O pronunciamento que Solís fai en Zamora, foi secundado en Lugo, onde se constitúe un novo Concello e unha Xunta. Logo súmase Santiago, onde se crea o Batallón Literario e a Xunta Suprema do Goberno de Galicia, baixo a dirección de Faraldo. Posteriormente uniranse A Coruña e Pontevedra. As Xuntas deciden sobre a organización do exército ou proceder á supresión do sistema tributario de 1845, substituír os concellos e crear xuntas locais sometidas á Superior. Nestas actuacións primou o voluntarismo e sen apoio real, os principais dirixentes do levantamento foron apresados e posteriormente fusilados en Carral.

O Pronunciamento de 1846 foi, dende punto de vista político, o resultado da alianza coxuntural de distintas posicións políticas: o reformismo moderado que buscaba un cambio no goberno; un sector do progresismo disposto a loitar por unha transformación do réxime; e o provincialismo que defendía unha solución “cando menos autonomista” para Galicia.

5.2. O REXURDIMENTO

O provincialismo, primeira fórmula política do galeguismo, foi derrotado no ano 1846 na súa expresión política. A represión foi moi grande, sendo os seus dirixentes encarcerados ou obrigados a exiliarse.

No interior, unha dura censura sobre a prensa impediu durante bastante tempo que se reconsiderase outra vez o provincialismo coma fórmula política. Isto explica a orientación claramente cultural que en adiante adopta o discurso provincialista. Mentres poetas e escritores utilizaban cada día máis a nosa lingua coma vehículo de expresión (Pintos, Vincente Turnes ou Rosalía), o discurso político do provincialismo quedou estancado, tal como o deixara Faraldo.

Non aparece neste período ningún grupo ou asociación que se considere depositaria da lexitimidade política do provincialismo. Acontecementos como o chamado **Banquete de Conxo** (1856), que tradicionalmente foi asumido polo galeguismo coma símbolo da continuidade do ideario provincialista, responde máis ás inquedanzas da mocidade universitaria de Santiago, que se amosa contrario ao desenvolvemento do liberalismo español, defendendo con paixón as ideas sociais procedentes de Francia: a fraternidade entre clases, a igualdade e a atención cara ao proletariado. A convocatoria deste xantar, que tanto escándalo causou na época, era unha xuntanza con vocación interclasista, de xuntar a universitarios con obreiros. Un xantar político, como moitos outros como facían progresistas ou moderados, no que se procedeu á lectura de poesías cun fondo carácter ideolóxico.

6. BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. *A Gran Historia de Galicia, tomos 22-23,* A Coruña, La Voz de Galicia, 2007.

-- *Historia. Proxecto Galicia. Historia Contemporánea. Política. S. XIX,* A Coruña, Hércules Ed., 1992.

DE JUANA, J.; PRADA, J. *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel, 2005.

OBELLEIRO, L. E ALONSO, B. “Idade Contemporánea”, en *Historia de Galicia*, Promocións Culturais Galegas, Vigo, 1991.

VILLARES, R. *Historia de Galicia*, Vigo, Ed. Galaxia, 2004